



SEGUNDA CIRCULAR

Como anunciabamos o pasado mes de marzo, nos días 11-13 de outubro de 2019 celebrarase en Barcelona o II Congreso **Las Otras Protagonistas de la Transición: Movilizaciónes Sociales e Izquierda Radical**. O encontro pretende dar continuidade ao congreso [Las Otras Protagonistas de la Transición](#), organizado en Madrid os días 24-25 de febreiro de 2017, así como ás xornadas [Altres protagonistes de la Transición](#), celebradas en Barcelona os días 26-30 de setembro daquel mesmo ano.

Coa intención de manter o elevado número de contribucións e a calidade dos debates daqueles encontros, chamamos á participación neste II Congreso a través de dúas modalidades. Por unha banda, por medio da aportación de testemuñas de traxectorias militantes ou de vida, ás que queremos dar un espazo preferente. Deste xeito, apelamos á participación de calquera persoa que durante os anos setenta e comezos dos oitenta tivera algún tipo de implicación en espazos políticos ou sociais de espírito transformador e radical. Por outra banda, abrimos tamén un período de recepción de propostas de comunicación para presentar os resultados de investigacións en curso ou rematadas sobre as temáticas que son obxecto de atención do congreso.

Os eixos temáticos a partir dos cales se estruturarán as sesións serán os seguintes:

- Organizacións políticas e espazos de militancia.
- Movemento obreiro.
- Movemento estudantil e mundo educativo.
- Movementos sociais urbanos.
- Feminismos.
- Movementos de liberación sexual e LGTB+.
- Antimilitarismo e pacifismo.
- Ecoloxismo.
- Movementos campesiños e rurais.
- Contracultura.
- Espazos e prácticas punitivas e loita antirepresiva.
- Antipsiquiatría.

As propostas de participación, sexan no formato de testemuñas ou no de comunicación, hai que as enviar á dirección de correo electrónico congrestransicio2019@gmail.com. No caso das **propostas de comunicación**, terán que incluír un título breve e un breve resumo do contido (de 200 palabras como máximo), así como dos datos persoais de contacto. O límite para enviar propostas de comunicación será o 31 de outubro de 2018, e responderemos para confirmar a súa aceptación o 30 de novembro de 2018. Os textos das comunicacións (dunhas 7500 palabras), que poderán ser en catalán, castelán, galego ou éuscaro, poderanse enviar até o 30 de xuño de 2019.

Barcelona, xullo de 2018

COMITÉ ORGANIZADOR: Ivan Bordetas, Pau Casanellas, Cristian Ferrer González, Joan Gimeno Igual, César Lorenzo Rubio, Ricard Martínez i Muntada, Carlos Ángel Ordás, Helena Saavedra Mitjans, Anna Sánchez Sorribes, Jordi Sancho Galán, Josep Maria Solé Soldevila, Enrique Tudela Vázquez.

COMITÉ CIENTÍFICO: David Beorlegui, Claudia Cabrero Blanco, Montse Cervera, Brice Chamouveau, Emili Cortavitarte, Eva Fernàndez, Meritxell Ferré Baldrich, Enrique González de Andrés, Martí Marín, Sara Martín Gutiérrez, Jordi Mir Garcia, Justa Moreno, Mónica Moreno Seco, Pedro Oliver Olmo, Joaquim Ortín, Jaime Pastor, Nerea Perez Ibarrola, Pablo Sánchez León, Aránzazu Sarria Buil, Gonzalo Wilhelmi.

COLABORAN: Fundació Salvador Seguí, Ateneu Popular de 9 Barris, Centre d'Estudis sobre Dictadures i Democràcies (CEDID-UAB), Centre d'Estudis sobre Moviments Socials (CEMS-UPF)



<https://congrestransicio2019.wordpress.com/>